



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

TRANSCRICION DO TEXTO

DURACION 0:10:36

INCIPIT: LA LA LA ... OFRECECHEME UNHA TUNDA

---

...

Ofrececheme unha tunda  
Choqueira de Redondela  
Ofrececheme unha tunda  
E agora veño por ela  
Sango larango tango pola ventana  
E as mozas da ribeira non valen nada  
Non valen nada, nena  
Non valen nada  
Sango larango tango pola ventana

Hai que afiala,  
hai que afiala  
A navalla do Pepe  
Non corta nada

Non corta nada  
Corta bastante  
Ten coidado Maruxa  
Cun estudante

- E esto de onde o colleu?
- De Santiago. Esta é de Santiago

O cura de Teis  
Foi os mexillóns  
Bateu cunha pedra  
Rachou os calzóns  
Rachou os calzóns  
Rachou os calzóns  
O cura de Teis  
Foi os mexillóns

- Esta é dos arredores de Vigo, Teis é un barrio de Vigo
- Ah, é certo, claro. Ademais que o conozo.
- Da costa, si
- Da costa debe de ser, claro
- Bueno desa hai dúas ou tres

## ID#611

-

Ehi ven o vento do mare  
ehi ven o vento mareiro  
ehi ven o meu queridiño  
Vestido de mariñeiro  
Vestido de mariñeiro  
Ai elelo ai alelo

- Logo hai outra parecida

Vente ventiño do norte

Vente ventiño norteiro  
Vente ventiño do norte  
Sera-lo meu compañeiro

- E donde sentiu esa?
- Eh?
- Onde sentiu?
- Eso na costa, nas zonas aquelas de entre por Laxe...
- 

Vente ventiño do norte  
Vente ventiño norteiro  
Vente ventiño do norte  
Sera-lo meu compañeiro

- Que é case a mesma con lixeiras variantes.

Apagácheme a candela  
Apagácheme a candela  
Que tiña no velador

E agora vas a deitarte  
E agora vas a deitarte  
As escuras meu amor

E agora vai tu e agora vai tu e agora vai vai  
Eu quixera e non podo ai aia ai  
E agora vai tu e agora vai tu e agora vai vai  
Eu quixera e non podo ai aia ai

- Risas de Dora
- Esa é de Lobeira
- Esa é de Lobeira?
- Si E ademais debe de ser moi vella porque esta recórdoa eu ouvirla ao meu bisavó.

## ID#611

Dame o peine i o escarpidor  
Para peina-los rizos  
Do meu doce amor

- Esta tamén é de ali, de Lobeira
- E esta outra

Na miña camiña nova  
Na miña nova camiña  
Que rodeada está  
De amores rodeadiña

Prende salgueiriño prende  
Prende na fonte serea  
Tamen prenden meus amores  
No corazon dunha nena  
Ai elelo

Prende salgueiriño prende  
Prende no aro da poza  
Tamen prenden meus amores  
No corazon dunha moza

Heiche de dar para un manto

- É esa, a que buscaba antes!

Heiche de dar para un manto  
Heiche de dar para un velo  
E non quero que me durmas  
Na miña cama de ferro

Na miña camiña nova  
Na miña nova camiña  
Que rodeada está de amores  
De amores rodeadiña

E véndeme os bois  
E véndeme as vacas  
E non me vendas  
a cunca das papas

E vendeme a cunca  
E mailo cunqueiro  
E non me vendas  
O meu tabaqueiro

## ID#611

Costureira bonita  
Ti que fas polo vran  
Eu sachando no millo  
E ti coa agulla na man

Monterrei está nun alto  
E Verin está nun baixo  
Ai la la la la

E a santa Virxe da Estrela  
Está nun campiño raso  
Ai la la la la  
Ai La la la...

- Esa é de Verin, claro, xa a letra o di. Monterrei queda pois ao lado de Verin. O castelo
- Claro
- La la ra la la levanta... de frores cuberto...
- Si, ese é o tono

Levantate maio  
E vaite de ahi  
Que as nenas bonitas  
Non son para ti

- Pois por eiqui todos os maños os cantan con esta mesma melodía
- ... Quillas a rento do muiño...
- Que llo mandou Xesucristo para cinguir o seu peito ,....

A miña virxe do Viso  
Soio che quero pedir  
Salud pra toda a parroquia  
E un bo mociño pra min

A santa Virxe do Viso  
Tan alta se foi a por  
Dalle o aire, dalle o vento  
Dalle a raiola do sol

- Esta eu coñoza

A miña Virxe do Viso  
Que tan alta se foi por  
Dalle o aire, dalle o vento  
Dalle a rafiña do sol

Nosa Señora do Viso  
Quixo ser miña madriña  
E dixolle a miña nai  
Que boa comadre tiña

- (Risas) hai que ver mellor que usté

## ID#611

- Esta?

Ai que noite tan escura  
Ai que friaxe che fai  
A santa Virxe do Viso  
Hame vir agasallar

A nosa virxe do Viso  
Un favor lle vou pedir  
Que os mociños de Pacós  
Servir al Rei non han ir

A santa Virxe do Viso  
Tan alta se foi a por  
Que antre toxos e carqueixas  
Carballiños de arredor

A Santa Virxe do Viso  
Ten os ollos de cristal  
Que llos trougo Xesucristo  
Do Reino de Portugal

A santa Virxe do Viso  
Ten un tendel de meados  
Vente connigo meniña  
Ao rio ver de lavalos

A Virxe do Viso  
e mais a da Piedade  
Unha é miña madriña  
A outra a miña comadre

Miña virxiña do Viso  
Alá vai pola Bemposta  
De cansadiña que vai  
Non pode subi-la costa

Miña virxiña do Viso  
Alá vai pola ladeira  
Botándolle as bendicións  
As mociñas de lobeira

Miña virxiña do Viso  
Sete anos foi muiñeira  
Tiña a palanquiña de ouro  
E a vasoira de oliveira

- Esta haina tamén a unha virxe, non me lembro de cal, pola ria de Arousa.
- A, si! É ben posibel

Miña virxiña do Viso  
Ten un xustillo moi feito  
Que llo mandou Xesucristo  
Para cinguir o seu peito

FINAL DO CORTE 3 EN 0:10:39